

## RESUMO DA XUNTA DE GOBERNO DE 27 DE XANEIRO DE 2009

### LICENZAS

#### FAVORABLES.-

**Lic/1715/2008.-** Hostal San Lorenzo, S. L.- Vivenda unifamiliar na parcela 425-2ª sita en Igrexa – Villestro.

**Lic/759/2008.-** Florentino Otero Sánchez.- Vivenda unifamiliar en Vilar de Grixoa.

**Lic/500/2008.-** Manuel Liñares González.- Vivenda unifamiliar en Rúa de A Muiña nº 38

#### DEVOLUCIONS DE FIANZAS.-

**1481/07.-** Edipromfer, S. L.- ..... Expte. Lic/1481/2007 ..... 6.000 €.-

**2406/08.-** Manuel Martínez Mariño ..... Expte. Lic/1225/2005 ..... 3.000 €.-

**2430/08.-** Distribuidora Internacional de Alimentación, SA ..... Expte. Lic/2214/2005 ..... 8.000 €.-

**2505/08.-** Luis Alfonso Cao Vázquez ..... Expte. Lic/2892/2004 ..... 6.000 €.-

**46/09.-** Rafael Antonio Turnes Turnes ..... Expte. Lic/2417/2006 ..... 1.500 €.-

#### SUBSANACION DE ERRO NO ACORDO DA X.G.L. DE DATA 9 DE DECEMBRO DE 2.008

**Lic/1762/2007.-** Laura Bello Bouzas.- Edificación na rúa García Prieto nº 31.

#### SUBSANACION DE ERRO NO ACORDO DA X.G.L. DE DATA 18 DE NOVEMBRO DE 2.008

**Lic/2212/2008.-** Pablo Rial Resua.- Parcelación urbanística previa agrupación das parcelas nº 100 e 101 do parcelario do Sector 1º do SUNP-37 de Costa Vella.

### OCIHR

#### LICENZAS

##### FAVORABLES

**LIC/28/2009.-** JOSCON CONSTRUCCIONES SL.- Instalación grúa torre na praza de San Miguel dos Agros nº 9

**LIC/2600/2008.-** CONSTRUCCIONES EXISA.- Colocación dunha grúa torre no inmovible sito na praza de Cervantes, 14-20.

##### LIC/2550/2008.- CONSORCIO DA CIUDAD

**E DE SANTIAGO.-** Acondicionamento térmico da nave da igrexa da Universidade na praza da Universidade.

##### DESFAVORABLES

**LIC/1968/2008.-** VERDE URBAN GALICIA SL.- DENEGAR a licenza de obras para construción de vivenda unifamiliar illada no lugar de Casas do Vento nº 19.

##### PRORROGA

**LIC/2517/2008.-** INVERSIONES FUTURAS DE PONTEVEDRA.- Prórroga da licenza concedida pola Xunta de Goberno Local de data 21.01.2008 para rehabilitación de edificio na rúa Travesa, 21.

**4.- Proposta da Concelleira Delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á aprobación definitiva de axuda no marco do programa de mantemento de edificios.**

Apróbase unha axuda por importe de 3.596 euros para un edificio da praza da Inmaculada.

**5.- Proposta da concelleira delegada de Rehabilitación e Cidade Histórica relativa á rectificación de erro no acordo nº 32 de data 21.10.2008.**

Procédese á corrección dun erro na cantidade da subvención concedida.

**6 a 75.- Proposta do concelleiro delegado de facenda e orzamentos relativa a beneficios fiscais no imposto sobre vehículos de tracción mecánica, no imposto sobre o aumento de valor dos terreos de natureza urbana, nas taxas pola subministración de auga e conservación de contadores, saneamento e depuración de augas residuais e por servizo de recollida e tratamento de residuos sólidos urbanos.**

Concéndense os devanditos beneficios fiscais.

**76.- Prórroga do contrato de xestión, mediante concesión, dos servizos de ordenación, regulación e aparcamento de vehículos na vía pública e retirada de depósito de vehículos no municipio de Santiago.**

Acórdase a prórroga do contrato coa empresa Setex Aparki por un período dun ano, a contar dende o 1 de febreiro de 2009.

**77.- Solicitud dunha formación política de autorización para realizar o inicio da campaña electores con un acto festivo.**

Concédesese a autorización para un acto na praza de Cervantes o 12 de febreiro.

**78.- Corrección de erro no punto número 8 da Xunta de Goberno Local de data 23-12-2008.**

Procédese á corrección do erro.

**79.- Proposta da concelleira delegada de Persoal relativa ao Plan de Formación Continua do Concello.**

Apróbase o Plan de Formación Continua do Concello para 2009, así como o seu orzamento, 156.298 euros.

**80.- Proposta da concelleira delegada de Benestar Social e Muller relativa á sinatura do convenio de colaboración entre a Caixa de Aforros de Galicia e o Concello para a tradución, adaptación e edición do programa "En busca do Tesouro das Familias".**

Acórdase a sinatura do devandito convenio, cunha previsión de gasto de de 6.700 euros.

**81.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á solicitude dunha subvención á Consellería de Traballo.**

Acórdase solicitar unha subvención de 15.000 euros á Consellería de Traballo para gastos correntes de diversos programas municipais que fomentan a corresponsabilidade entre mulleres e homes a través da conciliación dos seus tempos persoais, laborais e familiares.

**82.- Proposta da concelleira delegada de Educación relativa á solicitude realizada pola Dirección do Centro Rexional de Xordos de Santiago de Compostela para o cambio de denominación do Centro.**

Apróbase o cambio de denominación do devandito centro a Centro de Educación Especial Manuel López Navalón.

**83.- Proposta da concelleira delegada de Urbanismo relativa ao abono de intereses na parcela 5B do Proxecto técnico de expropiación de reserva de terreos para patrimonio público de solo, actuación industrial de Boisaca, no solo urbanizable non programado número 34 (SUNP-34).**

Rexéitase unha solicitude de pago de indemnizacións en concepto de intereses de demora.

**84.- Proposta da concelleira delegada de Medio Ambiente e Desenvolvemento Sostíbel relativa á solicitude de cesión á Comunidade Autónoma de Galicia da masa común número 169 da concentración parcelaria de Santa María de Villestro.**

Acórdase a devandita solicitude de cesión, para que o Concello poida proceder á súa limpeza e acondicionamento como zona de lecer e punto de encontro dos veciños da parroquia, mediante a implantación de céspede e arbolado e a instalación de mesas de picnic.

**85.- Proposta da alcaldía relativa á acordo sobre o convenio de colaboración entre o Ministerio de Fomento, a Xunta de Galicia, o Concello de Santiago de Compostela e o administrador de estruturas ferroviarias, para a remodelación da estación ferroviaria de Santiago de Compostela e a actuación urbanística na súa zona de influencia.**

Apróbase o texto do convenio e sométese o mesmo a información pública polo período de 20 días.

## URXENCIAS

1.- Apróbase a realización da campaña previa de captación a expositores do Outlet Compostela, por importe de 5.000 euros, e a campaña de captación do público visitante en prensa e radio, por importe de 12.000 euros.

2.- Apróbase o prego de cláusulas administrativas e iníciase o expediente de contratación do servizo de organización do evento "Outlet Compostela 2009", cun tipo máximo de licitación de 33.620 euros máis IVE.

3.- Elévese a definitiva a adxudicación da redacción do proxecto construtivo da obra denominada "Reurbanización da rúa Xeneral Pardiñas (tramo entre Montero Ríos e Carreira do Conde)" á empresa EZCURRA E OUZANDE ARQUITECTURA, SLP, por un importe de 22.000 euros máis IVE.

4.- Elévese a definitiva a adxudicación da redacción do proxecto construtivo da obra denominada "Reurbanización da rúa Curros Enríquez" á empresa SEPIA TÉCNICOS, SL, por un importe de 34.435 euros máis IVE.

5.- Elévese a definitiva a adxudicación da redacción do proxecto construtivo da obra denominada "Reurbanización dun tramo da Avda. de Vilagarcía – García Prieto- Sánchez Freire" á empresa ARQUITAV ARQUITECTOS, SLP, por un importe de 51.650 euros máis IVE.

6.- Elévese a definitiva a adxudicación da redacción do proxecto construtivo da obra denominada "Reurbanización da rúa Londres", á empresa ARQUITAV ARQUITECTOS, SLP, por un importe de 59.278 euros máis IVE.

7.- Solicítase á Deputación Provincial da Coruña unha subvención de 40.000 euros para a elaboración, posta en marcha, publicación e difusión de itinerarios de actuación personalizados e especializados nos casos de violencia de xénero.

8.- Acórdase a provisión dun posto de psicólogo para o Centro de Información á Muller, co obxecto de desenvolver diversos programas.

9.- Apróbase o programa de actividades da QUINCENA DE EDUCACIÓN PARA A PAZ, CONVIVENCIA E A SOLIDARIEDADE, e os actos do X FORO DE ENCONTRO DAS ONG, cun orzamento de 5.702 euros.

10.- Solicítanse á Deputación Provincial da Coruña diversas subvencións para PROGRAMAS DIRIXIDOS A CONCELLOS PARA ACTIVIDADES DE PROMOCIÓN ECONÓMICA, DE APOIO AO DEPORTE E A CULTURA.

11.- Decláranse as obras de reparación de emerxencia ocasionadas polo temporal na noite do 23 e 24 de xaneiro e procédese ao inmediato inicio das obras pola empresa Montebalsa S.L, a fin de garantir a seguridade das persoas que fan uso das instalacións danadas ou transitan polas rúas afectadas. Os equipamentos afectados son:

- Levantamento parcial da cuberta dunha das naves do Mercado de Gando de Amio.
- Rotura e volco do peche da malla do campo de fútbol de Conxo.
- Levantamento da cuberta dos vestiarios do polideportivo Apóstol Santiago.
- Volco parcial de malla do campo de fútbol das Cancelas.
- Rotura parcial do acristalamento da marquesina de Xoán XXIII.

A primeira avaliación destas obras deixa unha estimación de custos de 300.000 euros.